

1 CARACTERÍSTICAS XERAIS

- **Especies forestais:** aproveitamento principal por gando vacún, equino, ovino ou caprino.
- **Coberturas:** para a primeira introdución de gando serán necesarios tratamentos de queima controlada, roza por trituración ou esmagamento, introducindo cargas elevadas. A cobertura de matogueira manterase por baixo do 40 % (admisible 50 % en uceiras).
- **Gando recomendable segundo formacións:** o control de toxo, xesta e silvas só se consegue con cabalos e/ou cabras para toxearas e xesteiras, a vaca e/ou cabra son máis recomendables para carqueixal e todos os tipos de gando, para breixeira-carrascal e fenteiras.
- **Cargas iniciais de gando:** recomendable introducir gando lignívoro para un mellor control inicial de especies leñosas. Equivalencia aproximada de cargas para razas galegas: 1 vaca = 1,5 cabalos = 8 cabras = 10 ovellas. Carga inicial de 1 cabalo/ha (breixeira), 1,5 vacas/ha (carqueixal) ou 2 cabalos /ha (toxearas e xesteiras) ou os seus equivalentes
- **Cargas posteriores á introdución:** cargas anuais de 0,25 cabalos/ha (breixeira), 0,2 vacas/ha (carqueixal) ou 0,3 cabalos /ha (toxearas e xesteiras) ou os seus equivalentes noutros tipos de gando compatible coa vexetación.



MODELO SILVÍCOLA SP

ESPECIE: formacións de matogueira (breixeiras, uceiras, carqueixal, toxearas, xesteiras e as súas mesturas) e de pastos naturais ou pasteiros en monte

OBXECTIVO: produción de pasto para gandería extensiva de carne e conservación dos hábitats de matogueira

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais. Aproveitamento regulado por gando en réxime extensivo de terreos forestais desarborados, aplicando as técnicas da pascicultura e fruticicultura

2 TÉCNICAS DE MELLORA E MANEXO DO GANDO

- En Rede Natura 2000 avaliarase o estado de conservación dos hábitats e estarase ao establecido no Plan Director desta.
- **Melloras do pasto:** rozas e manexo do gando para aumentar cobertura e calidade de pasto. Sementeira de pratenses, emendas e fertilizacións. Posible sementeira sen labra.
- **Manexo do gando:** preferiblemente pastoreo rotacional, posible aplicación de pastoreo extensivo.
- **Reforzo da alimentación:** recomendable de forma distribuída. Aplicación recomendada de alimentación de reforzo en zonas con matogueira alta e de difícil acceso.
- **Fomento de empradizamento:** rozadora de martelos. Rotar os tipos de gando para un mellor control de especies de matogueira. Emprego de silo en reforzos de alimentación.
- **Queimas prescritas:** sempre mediante solicitude de queima, débese concentrar nos tres primeiros meses do ano e evitar períodos de alto risco de incendio forestal e coas medidas de seguridade que se establezan desde o distrito forestal.
- **Implantación e manexo de pasteiros:** en áreas mecanizables mediante roza, labra, encalado, fertilización, sementeira de mestura de pratenses e compactado con rodete. Aplicarase a opción da mínima labra en condicións pouco favorables para a labra completa. Aproveitamento con carga suficiente para evitar o crecemento de matogueira.